

## **RESOLUCIÓN REITORAL DO 12/09/2023 POLA QUE SE ESTABECE O RÉXIME DE INCLUSIÓN NA SEGURIDADE SOCIAL E COTIZACIÓN DO ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA QUE REALICE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS**

O Real decreto lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da fenda de xénero e o establecemento dun novo marco de sostibilidade do sistema público de pensións dispón, na disposición adicional quincuaxésima segunda, a inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado que realice prácticas formativas ou prácticas académicas externas na etapa universitaria, ben sexa en títulos oficiais ben en títulos propios, desde o 1 de outubro de 2023.

O Real decreto lei 5/2023, do 28 de xuño, polo que se adoptan e prorrogan determinadas medidas de resposta ás consecuencias económicas e sociais da Guerra de Ucraína, de apoio á reconstrución da illa da Palma e a outras situacións de vulnerabilidade; de transposición de Directivas da Unión Europea en materia de modificacións estruturais de sociedades mercantís e conciliación da vida familiar e a vida profesional dos proxenitores e os coidadores; e de execución e cumprimento do Dereito da Unión Europea, adiou a entrada en vigor da medida anterior ata o 1 de xaneiro de 2024.

No suposto de prácticas remuneradas, o RDL 2/2023 establece que a o cumprimento das obrigas de Seguridade Social corresponderá á entidade ou organismo que financie o programa de formación, que asumirá para estes efectos a condición de empresario. Porén, no suposto de prácticas non remuneradas o cumprimento das obrigas de Seguridade Social corresponderá á empresa, institución ou entidade na que se desenvolvan as prácticas, agás que no convenio ou acordo de cooperación que se subscriba para a súa realización dispoña que estas obrigas corresponderán ao centro de formación responsable da oferta formativa.

A Universidade de Santiago de Compostela ten, na actualidade, máis de 2.500 convenios subscritos e vixentes para a realización de prácticas por parte do seu alumnado, tanto curriculares como extracurriculares. Cómpre, polo tanto, determinar os efectos do RDL 2/2023 nos convenios vixentes e, así mesmo, establecer as obrigas con respecto a novos convenios que se poidan subscribir.

A formación práctica do alumnado é un elemento esencial para o desenvolvemento das súas capacidades e destrezas, polo que a Universidade considera estratéxico o seu mantemento e a eliminación de trabas, o que permitirá manter unha oferta ampla e achegar a formación universitaria á realidade do tecido produtivo e social.

Tendo en conta o anterior, no uso das competencias atribuídas pola Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario e polos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela,

**RESOLVO,**

PRIMEIRO. A Universidade de Santiago de Compostela asumirá as obrigas derivadas da inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado que realice prácticas académicas externas curriculares e extracurriculares non remuneradas (incluídas as conducentes á elaboración de TFG e TFM).

SEGUNDO. No suposto de convenios subscritos con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2024 e que manteñan a súa vixencia despois da data indicada, a Universidade de Santiago de Compostela atenderá as obrigas derivadas da inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado que realice prácticas académicas externas curriculares e extracurriculares non remuneradas.

A petición das empresas ou entidades poderase formalizar unha addenda ao convenio no que figure este compromiso por parte da USC.

TERCEIRO. Os novos convenios que se subscriban a partir do Curso Académico 2023/2024 incluírán expresamente a asunción das obrigas en materia de Seguridade Social do alumnado en prácticas por parte da Universidade de Santiago de Compostela.

CUARTO. Con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2024 ditaranse as instrucións necesarias para o procedemento de xestión da inclusión do alumnado e a cotización na Seguridade Social dos períodos correspondentes. Así mesmo, na elaboración dos orzamentos consignarase a estimación dos recursos necesarios para atendela.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O reitor,

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,  
12/09/2023 14:31:35.

**CSV:** 2BB7-B41A-4FE0-A31E